

DE CONVERSA

Carme a Perucha, sacrificio e ilusión

Isidoro González Paz, Xaime Iglesias González



Carme a Perucha

Dá gusto conversar con M^a del Carmen Blanco Rodríguez, que ese é o verdadeiro nome de Carme a Perucha, nacida no Castelo en 1930. Muller faladora, optimista, en plenas facultades, que é capaz de emocionarse lembrando momentos da súa vida, duros uns, agradables outros. Recíbenos no salón da súa casa e acomodáanos nunha ampla mesa, adiviñando que necesitabamos escribir. Nun momento da conversa dinos:

- *Eu falo moi mal, chapureo. Un pouco fala galego e outro pouco castelán. Pero claro, cando era nena, na escola non nos ensinaban o galego nin nos permitían falalo. Despois marchei para Venezuela e agora xa non taño remedio.*

Carme é unha muller de carácter aberto e mentalidade positiva e cualifícase como boa administradora. Nos últimos anos leva unha unha vida

moi activa. Foi a clases de adultos e cursiños diversos, entre eles, de informática; vai a charlas e conferencias; viaxa con frecuencia; asiste a clases de baile e de ximnasia; agrádanlle os debates televisivos, así como os documentais e os coloquios; le o xornal diariamente, do que garda artigos e reportaxes, especialmente os referentes a aspectos históricos e arquitectónicos. Os tempos pasados non os esquece, pero procura que non a condicionen, pois xa pasaron.

- *A vida de antes era dura. Meu avó, Manuel Rodríguez, o Perucho, era canteiro. Houbo un tempo que traballou en Santiago. Ía andando ata aló -non sei canto tempo tardaría en chegar- e levaba ó lombo un pan de milla cocido na casa. Con el e cun pouco caldo quente ou algo así alimentábase ata que volvía cos cartiños que gañaba, catorce "ras" á semana.*

De nena, foi á escola do Castelo con Dona Teresa Filgueira. Só ía os días que chovía, pois os demais tiña que axudar nos traballos da casa. Con todo aprendeu a ler, a escribir e as catro regras que era o que mellor se lle daba. Grazas a esta elemental aprendizaxe e ó seu bo entender defendeuse na vida.

- *Facía as cantas rápido e despois pasáballas ás compañeirás. Pero un día, estas fixéronme unha canallada e non llos deixei copiar e a mestra descubriu o que pasaba.*

Lémbrase que, cando tiña seis ou sete anos, pegáronlle unha tunda ó seu pai para que descubriese os fuxidos que se escondían polo monte. Tamén ó irmán Manolo lle tiñan ofrecido ata un peso para que lle dese pistas de fuxidos. Polo mesmo motivo, os cívicos puxéronlle denegridos os pés a señora Francisca a Reiciña coa culata da arma.

- *Non coñezo a ningún que axudase ás fuxidas, pero meu primo Pepe, cando viu pasar o camión que lle ía requisar a taberna de Mercedes a Recacha, atallou polo medio das fincas e escondeu no medio do milla toda a mercancía que puído. Tamén me acordo de que os cívicos cantaban: olaví, olaví/el pájara Magdalena! cayó ya. Daquela, eu non sabía que este Magdalena e Mercedes eran irmáns.*

Continuamos a falar, agora da familia. Carme cóntanos con sinxeleza que o amor de súa nai, Matilde Rodríguez, a Perucha, foi Joaquín Blanco Roque. Foran noivos,

mais este rompeu a relación e foi casar con outra veciña. Pero, cousas da vida!, quedou viúvo e entón dirixiu de novo os ollos cara a Matildé coa remata casando. Tiveron catro fillos, Manuel, a propia Carme, César e Otilia que morreu ós oito meses.

A min non me dá vergenza dicir que son filla de labradoras e que traballei moita desde pequena. Porque miña nai enfermou e eu, desde os trece anos, tiven que facerme cargo da casa. Traballei no campo, atendi os animais e fun ó taxi. Tamén andei ó xornal, incluso en Salceda, e lavi roupa da vila.

Sen dúbida, unha vida dura a de Carme, chea de situacións difíciles, que ela soportaba coa esperanza de superalas algún día. E así aconteceu grazas ó traballo e ó esforzo, así como ó sentido común e ó seu carácter positivo que sacaba forzas da fraqueza. Con todo, conmóvese cando volve mencionar a súa nai.

Miña nai era moi boa. Un día atopábase mal e eu non quería ir á festa por non deixala soa. Pero ela non a consentiu. Criounas con poucos medios, pero con moito cariño e comprensión. Iso no quita que tiveramos disciplina e respecto.

Pois, noutra ocasión, mandourme ó muiño da Illa de Cousa e vin de volta co gran sen moer porque o río desbordara e non puidera pasar. Ó chegar á casa, mandourme de novo ó muiño xa que parara de chover e, segundo ela, a enchente xa tivera tempo de baixar. Fixen como ela dixu, pero despois aínda tiven folgas para ir ó baile.

En efecto, na vida de Carme a Perucha tamén houbo sitio para a diversión. Poucas veces foi ó cine, pero non faltaba ó baile do Chosco nin ás festa da parroquia: san Bieito, a Candelaria, o Patrón... Tamén ía as festas de Xeve, San Xoán de Poio, Campañó, Santiaguíño do Burgo e outras da redonda. Era moi divertida e, segundo parece, tiña éxito cos mozos.

Estando na festa de Santiaguíño, cóntanos, unha xitana botoume a "buena ventura". Eu non creo nelas, pero o caso é que acertou, pois díxome "Tienes un Manala, pero por un Pepe lo vas a dejar".

Despois, explicounos que, efectivamente, tiña un un mozo, Manolo, moi bo, que incluso lle escribía poemas. Pero ela non o quixo, xa que tamén lle gustaba Pepe e con el casou no

ano 1954. Pepe, veciño de Campañó, chamábase José Cochón Fernández. No mesmo ano da voda, emigrou a Venezuela coa idea de situarse alí e despois reclamar a familia. Pero pasados dous anos, Carme embarca coa pena de deixar a filla na casa dos avós paternos. Malia estar co seu marido, en Caracas viviu os problemas da emigración, aínda que a ela non lle pareceron grandes, pois aquí xa padecera moitos.

Traballei de asistente nunha familia ruso-venezolana e, en 1958, mercarías un restaurante que tamén daba pensión a obreiros e estudantes. Sobre min recaía o maior peso do negocio, encargándome da organización xeral e de facer as comidas diariamente. Era moito labor para unha soa persoa.

De Caracas, Carme conserva moitos recordos. Dado o seu optimismo, prefire lembrar os bos e esquecer os malos, aínda que algúns destes non os pode borrar, como os tiroteos que había nas rúas, que aumentaron nos últimos tempos da súa estada.

Na casa onde estiven de asistente era moi apreciada. Facíanme agasallos e tratábanme moi ben. Os clientes do restaurante dábanme as grazas polo trato e atención que lles dispensaba, habendo algúns que ata me confiaban as seus aforros.

Ó iren medrando os fillos, o matrimonio pensa: ou bolamos aquí raíces para sempre ou retornamos á terra. A inseguridade cidadá daquel momento en Caracas inclinounos a volver. Era o ano 1967. De volta, Carme seguiu a traballar con entusiasmo no que fixo falta. Entre 1976 e 1981 rexentou unha taberna no lugar do Cimbelo que non puido sobrevivir á aparición dos supermercados.



Carme e Perucha coa filla



Carme a Perucha na horta

A nena Carme, a avoa Carme

Poema de M^a del Carmen Cochón Blanco á súa nai, Carme a Perucha

A nena naceu no trinta
o día un do mes de abril.
Anos de miseria, difíciles,
anos de frío e pobreza.
Apenas tiña dous palmos
cando a guerra comezou.
Nena naquel tempo
sen xoguetes e enredos,
un imán para coidar
e pouco co que xogar.
Cando chovía, alegríala!
Á escola ir xa podía,
os río e as tablas
de memoria aprendía.
Se unha raiola saía
tarefas sempre había
co gando ou ás piñas,
como pintara Castelao.
Logo a mocidade, o amor,
os fillos, a emigración
traballo e gran tesón...

Corren novos tempos,
o século xa cambiou.
A avoa coma unha nena
disposta está a aprender
nesta nova escola
que o Fogar é para ela.
Vai e vén coma bolboreta,
moitos anos foi formiga,
traballar e traballar.
Agora deixa o sachó
para Molier interpretar.
Clases de todo tipo,
Ximnasia para a mente,
risa para os pesares,
Técnicas para a memoria.
O ánimo sempre arriba.
Nas dores nin pensar
Para descansar, as viaxes.
Novos tempos para a avoa
para desfrutar dabondo
E para festexalo anos moitos.

Un día veu pola taberna Chaparra, a das chocolates, e díxome: traio moitos, moitos bicos para ti. Eu mireino fixamente e enseguida continuou... de parte de Rosario. Rosario era a persoa que me axudaba na negocia de Caracas facendo a limpeza. Moi boa persoa, queríamnos moita. Ela tamén retomou, pero eu non soubera nada dela ata entón. Agora vémonos de cando en vez.

Carme quedou viúva ós 64 anos. Caidou con esmero a Pepe cando estivo en coma a causa dun accidente de tráfico. Ata que finou pasaron sete anos e pico, que foron moi duros. Pero ela séntese orgullosa das alegrías e sacrificios pasados, así como das decisións que ten tomado e da vida que vén facendo nos últimos anos, nos que aínda tivo tempo de descubrir a poesía que recita con donaire, téndolle especial afecto ó poema "A nena Carme, a avoa Carme" que lle dedicou a filla Maricarme.

Pero, se cadra, cando máis gratificada se sentiu foi asistindo ás clases de teatro durante dez anos e participando en representacións públicas

de pezas como "Os vellos non deben namorarse", "O enfermo imaxinario" e "Una pareja muy especial".

Hoxe lévase mellor vida. Antes para comprar unhas medias había que gastar o xamal dun día. Non se podía falar con liberdade e a min doume moita pena cando lín que o Valle dos Caídos se fixo con presas da guerra que traballaban en moi malas condicións.

Cando estabamos para despedimos, atrevémonos a dicirlle que na súa familia debeu haber un antepasado co nome de Pedro, pois Perucho é o nome coloquial de Pedro. Axiña nos contestou que non, que nunca oíría que tal cousa, que sabía de onde lle viña ese sobrenome.

San Perucha pola parte de miña nai. O seu pai, isto é meu avó Manuel, un ano polo entroido, disfrazouse de tal xeita, que as amigas comezaron a dicirlle que parecía un "perucho". E "perucho" para aquí, "perucho" para alí, quedoulle "Perucho" para sempre a el e á familia.